

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022	DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA	CENTRO: IES VAL DO TEA 36013692
--	-----------------------------------	------------------------------------

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O alumnado que teña pendente algunha materia pertencente ao departamento de Xeografía e Historia recibirá un caderno de actividades relacionadas con dita materia. Deberá realizar o caderno contando co apoio e asesoramento do xefe de departamento e terá que entregalo en tempo e forma. Para superar a materia pendente o caderno deberá ter unha cualificación de 5 ou superior.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

O alumnado que supere as 3 avaliacións (cualificación dun 5 ou superior en cada unha das avaliacións) realizará durante este período unha serie de actividades de reforzo e ampliación da mesma. Como vén recollido na programación didáctica, a nota final será o resultado da media das 3 avaliacións (previa redondeo), con redondeo final ao número enteiro máis próximo.

Aquel alumnado que teña suspendida unha das 3 avaliacións, realizará actividades de apoio e reforzo sobre os contidos de dita avaliación co obxectivo de preparar unha proba que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior), consideraríase superada a materia. A nota final será o resultado da media das 3 avaliacións (previa redondeo), con redondeo ao número enteiro máis próximo.

Aquel alumnado que teña suspendidas 2 ou 3 avaliacións realizará actividades de apoio e reforzo dos contidos básicos do curso, co obxectivo de preparar unha proba que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior) considerarase superada a materia e a nota final será o resultado da mesma con redondeo ao número enteiro máis próximo.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

O alumnado que supere a materia na avaliación ordinaria (cualificación dun 5 ou superior) realizará durante este período unha serie de actividades de reforzo e ampliación da mesma.

Aquel alumnado que suspenda a materia na avaliación ordinaria realizará actividades de apoio e reforzo dos contidos básicos do curso, co obxectivo de preparar a proba extraordinaria que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior) considerarase superada a materia. A nota final será o resultado da mesma con redondeo ao número enteiro máis próximo.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

O alumnado que supere a materia na avaliación ordinaria (cualificación dun 5 ou superior) realizará durante este período unha serie de actividades de reforzo e ampliación da mesma. Todo o alumnado que vaia a presentarse ás probas da ABAU traballará na realización de exames da ABAU de anos anteriores.

Aquel alumnado que suspenda a materia na avaliación ordinaria realizará actividades de apoio e reforzo dos contidos básicos do curso, co obxectivo de preparar a proba extraordinaria que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior) considerarase superada a materia. A nota final será o resultado da mesma con redondeo ao número enteiro máis próximo.